

**SABELA II
1833-1868**

**MAIORÍA DE IDADE
1843-1868**

BIENIO PROGRESISTA (1854-1856)

- 1854: Pronunciamento militar de progresistas e moderados descontentos, a **Vicalvarada***, encabezado por O'Donnell e cun programa: **Manifesto de Manzanares***, no que se recollía a aspiracións de reformas
- Motíns e revoltas nas cidades
- Ante esta situación, a Raíña atemorizada, nomea a Espartero xefe do goberno e a O'Donnell ministro de Guerra
- Redacción dunha nova Constitución na que se limitaba o poder da Coroa e que non chegou a promulgarse: **Constitución non nata de 1856**, similar á de 1837.
- MEDIDAS DO GOBERNO PROGRESISTA
 - **Lei de Desamortización xeral (Desamortización de Madoz)**, en 1855: pola que se puña en venda os bens propios e comúns dos concellos, das Ordes Militares e das institucións de beneficencia. Isto supuxo un golpe á economía dos Concellos, que perderon gran parte do seu patrimonio, e tamén para os campesiños que non puideron comprar as parcelas que saíron á venda e que se viron privados do uso das terras comunais. Aumento considerable da conflitividade social.
 - **Lei de ferrocarrís** de 1855, que sentou a base para a formación da rede ferroviaria española
- Ten lugar unha **nova inestabilidade** provocada polas divisións entre moderados e progresistas, as diferenzas entre Espartero e O'Donnell, agravado pola falta de apoio popular e autoritarismo de Espartero.
- En 1856 O'Donnell dá un novo golpe de estado, derrotou á Milicia Nacional e desprazou a Espartero e aos progresistas do poder. Iníciase outra etapa moderada.

CONSTITUCIÓN
DE 1856*
(Non nata)

DÉCADA MODERADA-UNIONISTA (1856-1868)

- Entre 1856 e 1866 alternaron no poder moderados, presididos por Narváez, e os membros da **Unión Liberal***, formación política fundada e dirixida por O'Donnell
- Foi **restaurada a Constitución de 1845**
- Logrouse unha estabilidade política, alterada polos conatos revolucionarios dos demócratas e as revoltas do campo andaluz, cos xornaleiros como protagonistas, por causa da Desamortización.
- **Desenvolvemento de empresas militares** fóra de España, co obxectivo de prestixiar a monarquía española no exterior e conseguir no interior a unión de todas as forzas nunha causa común. O balance xeral non foi positivo. Leváronse a cabo en:
 - Conchinchina
 - Marrocos
 - México
 - Santo Domingo
 - Guerra do Pacífico contra Perú e Chile (intervención de Casto Méndez Nuñez)
- Discrepancias entre a Raíña e O'Donnell: crise política. Volta de Narváez que tratou de frear ás forzas opositoras de forma case dictatorial: **Bienio Ultramoderado** (1866-1868)
- No exilio progresistas e demócratas, dirixidos por Prim, acordan unirse s súas forzas para derrocar á Raíña (**Pacto de Ostende** de 1866, e Pacto de Bruxelas de 1867).
- Falecen O'Donnell e Narváez. A raíña está soa
- En setembro de 1868, unionistas, progresistas e demócrata, contando co exército e as masas populares **destronan á raíña Sabela II**

CONSTITUCIÓN
DE 1845

SEXENIO
DEMOCRÁTICO
1868-1874

CONSTITUCIÓN
DE 1869